

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta ao pleno a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria relativa a instalacións de contedores de recollida de aceites domésticos e campañas informativos sobre a importancia de reciclaxe do mesmo.

Exposición de Motivos:

O noso municipio conta cun servizo de recollida de residuos sólidos urbáns en diferentes contedores, coma os de materia orgánica e os de materia inorgánica, así coma os depósitos diferenciados para papeis -cartón, vidro e plástico. De igual modo, no mobiliario de publicidade exterior pódese depositar as pilas usadas.

Actualmente na Pobra do Caramiñal, existe unha ampla conciencia sobre a practica do reciclaxe, pero dende as institucións públicas debemos poñer o alcance dos cidadáns todos os medios posibles e necesarios para favorecer esta practica. Dende o PP da Pobra comprobamos que o noso municipio carece de contedores para a recollida e o reciclaxe de aceites de uso domestico, así como contedores de vidro e de papeis nas zoas mais rurais do municipio.

O aceite que empregamos nos nosos fogares e uns dos residuos mais contaminantes que xéranos no noso día a día. Cada cidadán consome de media 12 litros de aceite, os estudos demostran que un litro de aceite vexetal e quen de contaminar 1000 litros de auga. O residuo xerado por estes aceites e unha das principais causas da contaminación das nosas augas, a dinámica xeral mostra que unha vez usado o mesmo soe verterse a rede de alcantarillado xerando atascos e malos olores nas cañarías. Ademais de estes problemas citados tamén debemos destacar: a importante agresión para o medio ambiente, o aumento na dificultade de depuración das augas residuais etc. Ante estes datos, debemos considerar a posibilidade de ofrecer os cidadáns alternativas.

Co seu reciclado aparte de evitar a contaminación, a través dun proceso industrial, esta pode ter outras utilidades coma enerxéticas, usos farmacéuticos e cosméticos, aparte de xabóns, biodiesel etc.

Desde a nosa formación política, entendemos que é necesario avanzar nas políticas municipais en favor do medioambiente e do reciclaxe, por medio da instalación, no casco urban e rural do municipio de contedores de recollida selectiva de aceite domestico ou campañas de recollida coa frecuencia precisa, e tamén os contedores de vidro e papeis nas zoas mais rurais, coa fin de ofrecer os nosos cidadáns da posibilidade de reciclar, en canto mais, mellor.

A Pobra do Caramiñal

Dende o partido popular consideramos necesario velar pola correcta xestión dos residuos que xeramos, entre eles o aceite domestico usado. Co obxectivo de conseguir un municipio ecoloxicamente sostible e respetuoso co medioambiente.

2

Por todo o exposto solicitamos ao pleno da corporación:

1. Iniciar dende a concejalía correspondente as xestións necesarias para proceder a implantación no casco urbano e nas zoas do rural, contedores destinados a recollida selectiva e reciclaxe de aceites domésticos, ou establecer campañas periódicas de recollida coa frecuencia axeitada.
2. Instalar contedores de Vidro e papeis, nas zoas rurais do municipio que carezan deste servizo.
3. Levar a cabo unha campaña de concienciación cidadán, co obxectivo de sensibilizar e informar a poboación sobre as vantaxes e os beneficios do uso de ditos contedores de reciclaxe.
4. Cumprir os acordos antes mencionados antes de finais de este ano.



Manuel Mª Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL